



A APDR APOIA AS INICIATIVAS INSTITUCIONAIS CONTRA A PRÓRROGA DE ENCE E ELNOSA

Desde a Asociación Pola Defensa da Ría queremos expresar o noso apoio á iniciativa anunciada polos gobernos do Concello e da Deputación provincial para impedir unha prórroga máis alá de 2018 ás empresas contaminantes Ence e Elnosa, cuxa continuidade en Lourizán suporía unha auténtica catástrofe e unha hipoteca impagábel para o futuro da Ría de Pontevedra a nivel económico, ambiental e social.

Estamos diante dun momento importante na loita popular contra o complexo industrial e é fulcral que as institucións se posicionen con claridade e sexan proactivas. Os resultados das municipais, onde a coalición PP-Ence foi claramente derrotada, non deixaron lugar a dúbidas, e os gobernos resultantes a nivel local e provincial teñen que recoller este posicionamento maioritario.

É o momento, pois, de multiplicarmos os esforzos e a presión a todos os niveis, no institucional, no xudicial e sobre todo na mobilización social. Do compromiso de todas e todos nós dependerá que consigamos o que é de xustiza: que Ence e Elnosa abandonen Lourizán no ano en que sempre souberon que o terían que facer e que podamos comezar a recuperación ambiental da Ría e a implementación de outro modelo económico para o marisqueo e a pesca, para o sector forestal e o rural e tamén para o turismo.

Mais non só, tamén é o momento de demostrar a nosa dignidade colectiva, de amosar que non aceptamos que os gobernos se mostren sumisos aos ditados das grandes empresas, que non toleramos que as estreitas relacións entre o Partido Popular e a dirección de Ence e Elnosa nos impoñan un futuro que non queremos nin nos convén, que os corruptos xa non poden facer o que lles veña en gana sen consecuencias.

Ademais, consideramos que os gobernos do PP, que actúan ao ditado de Ence e Elnosa tanto na Xunta como a nivel estatal, non están lexitimados para aprobar unha prórroga a estas empresas cando resta moi pouco tempo para a convocatoria das eleccións xerais nas que é moi probábel que o PP perda o goberno do Estado. Unha decisión tan trascendental para Pontevedra non pode tomala un goberno que está nas últimas, sería unha imposición antidemocrática.

E que dicir do goberno da Xunta, deslexitimado polas súas mentiras como demostran os seus “cambios de posición” a respecto de Ence e Elnosa. O PP de Feijóo sempre apoiou estas dúas empresas, non por casualidade existen lazos familiares entre Ence, Elnosa e un alto cargo da Consellaría de Medio Ambiente.

Un goberno galego que defenda os intereses estratéxicos do país non pode emitir ningún informe ambiental favorábel a Ence e Elnosa, sería un fraude, porque Ence e Elnosa continúan a contaminar e a incumprir a lexislación, e porque a súa continuidade suporía un golpe mortal para os sectores produtivos do mar e para un monte e un rural vivos e cunha economía diversificada e non atada aos monocultivos de especies que favorecen a praga dos lumes. Porque Ence e Elnosa son o freo á creación de emprego e ao despegue da economía na comarca.

Ence e Elnosa, dúas empresas que se enriquecen aquí máis que nin sequera pagan os seus impostos en Galiza, son unha lousa para o noso futuro. A súa desaparición da Ría de Pontevedra abrirá a posibilidade dun futuro mellor, a súa continuidade só sería máis do mesmo: contaminación, incendios, crise permanente dos sectores produtivos da Ría e a ditadura das grandes empresas.

É o momento de botalas!

Pontevedra, 26 de agosto de 2015

A xunta directiva da APDR